

CONTO DE NADAL

Orballara todo o día, pero á noitiña, empezaba a xear. Os veciños apuraban a facelas últimas labouras antes de metérense tralo lume da lareira...

As fáscas apousaban na roupa de Maruxa que estaba a enxugar.

A Marela amosábase inqueda na cambelleira.

Manolo ceibouna e avisou a Maruxa de que ben seguro a vaca non había pasar daquela noite.

A Marela esperaba a súa primeira cría.

O día anterior Manolo tivera que traela do prado de xunto o río, na veiga da ponte e xa contaba que parira aquela noite; de feito de camiño á casa parara con Xan de Lorio, que viña dun prado que tiña en Quitimil, e avisáralo de que se cadra de noite viña onda él por mor da vaca.

Maruxa andaba atafegada coas labouras da casa, quería rematalas canto antes, e mentras Manolo miraba pola xata, ir ver a súa comadre María que vivía pé da igrexa e que esperaba un meniño.

E así fixo, rematou e botouse a andar cara á Vila Grande ver a María. Xa estaba chegando cando parou conversar un pedazo con Pepe de Carrión que estaba a estralas cortes aínda, xa que a muller non andaba moi ben das pernas e con esta friaxe resentíase máis delas, así que andaba él a facela faena.

—Neste tempo adícase a tasca-lo liño ou a esfollar no millo para non coller máis reu-

ma da que xa ten. Fai quince días pasou o D. Tomás por aquí que ía ver a Nicolás de Seixo que seica anda cunha bronquite moi mala e dixome que non a deixara andar fóra con este tempo. Así que, así che é Maruxa.

—Dalle un saúdo da miña parte Pepe e que se millore, vou ver a María que aínda me ha colle-la noite antes de chegare!

Cando Maruxa chegou a casa de María, topou con Xosé de fuciños na porta. Ia para a súa casa. Ó pouco de saír ela da casa á Marela comezáranlle as dores do parto. Manolo foi onda Xan de Lorio que vivía preto deles e logo correu polo atallo para ir buscar á muller, e se María se atopaba ben pedirlle axuda tamén a Xosé.

Xosé estaba moi inquedo, María non se atopaba de todo ben, estaba visto que o meniño non tardaría moito en vir ó mundo, él quería axudarlle a Manolo como bo veciño que era, pero doíalle a súa muller.

Maruxa cavilou ben e axiña; berrou dende a eira por Mercedes e Manola, veciñas de María, que lle axudarían a quentala auga, a buscar panos limpos e todo o que facía falla para que ese neno ou nena viñese ó mundo. Mentres Xosé axudarialle a Manolo e a Xan coa Marela.

Maruxa achegouse a María. Suaba. Tiñador pero non se queixaba.

Mentras, os homes encargábanse da Marela pero todo ocorreu sen complicacións e moito antes do agardado nacía un cuxo teixiño coma súa nai e de ollos moi vivos que non agardou a que acabaran de lambelo e xa andaba pola corte ollando prudente cada recuncho.

Sáiron todos da corte con intención de ir á casa de Xosé na procura de novas sobre María e a criatura que ía nacer...

Non estaba para nacer. Xosé alzou a vista cara a súa casa e viu cintilar unha estrela no máis alto do ceo. Na aldea de Begonte había un novo veciño... Chamaríase Xesús...